

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1211QE	<i>Expediente</i> CON/32/2018	<i>Fecha</i> 28-09-18 12:10

Número 139 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do "servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela-Campaña complementaria 2018".

Destinatario

15078DCMG1211QE9



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 28 de setembro de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 139 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO "SERVIZO DE EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE ROZA, LIMPEZA E MANTEMENTO DE MARXES E DRENAXES DE VIARIOS, CARREIROS FLUVIAIS E PARCELAS MUNICIPAIS DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA-CAMPAÑA COMPLEMENTARIA 2018".

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, de data 29 de agosto de 2018. Así mesmo, do informe de Intervención, número 2018/537 de data 11.9.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de Medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela -Campaña Complementaria 2018". consonte ós termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art.. 22 do RD 817/2009 de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I1QE	CON/32/2018	28-09-18 12:10

8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015 .

EXPÓN:

Primeiro: Con data 1 de agosto de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador, ALCOMTE GALICIA SL. CIF:B15648223.

Segundo: Finalmente, con data 23 de agosto de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor de, ALCOMTE GALICIA SL. CIF:B15648223, que oferta unha porcentaxe de baixa do 27,00 % sobre o cadro de prezos unitarios definido no prego técnico de aplicación a executar ata un importe máximo de 100.000 euros IVE aparte (IVE 21% da cantidade anterior: 21.000 €), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato o enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Miguel Fernández Solís.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 21000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 72.6000 euros IVE incluído.
Anualidade 2019: 48.4000 euros IVE incluído."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, á vista do recoñecemento de obrigas aprobado no punto nº 15 da súa sesión de 21 de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1211QE	<i>Expediente</i> CON/32/2018	<i>Fecha</i> 28-09-18 12:10

setembro de 2018, acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de "Servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela -Campaña Complementaria 2018" a favor de, ALCOMTE GALICIA SL. CIF:B15648223, que oferta unha porcentaxe de baixa do 27,00 % sobre o cadro de prezos unitarios definido no prego técnico de aplicación a executar ata un importe máximo de 100.000 euros IVE aparte (IVE 21% da cantidade anterior: 21.000 €), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato o enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Miguel Fernández Solís.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 21000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

- Anualidade 2018: 72.6000 euros IVE incluído.
- Anualidade 2019: 48.4000 euros IVE incluído.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: ~~Xan Xesús Duro Fernández~~



